

**PREGUNTA DE AER SOBRE A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE ARTISTAS DA RÚA. (Rex. Entrada 24.07.2018, 2018-E-RPLN-15).**

PLENO 26 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

**“1. Sobre a celebración do Festival Internacional de Artistas da Rúa.** O vindeiro 3 de agosto celebrarase un ano máis o Festival Internacional de Artistas de Rúa con actuacións polas diversas prazas de Redondela. Ás 21;45h programouse a obra "A Vida Tola" na Praza de Pontearreas. Como toda a veciñanza pode comprobar, día tras día esa praza está literalmente "ocupada" polas mesas e cadeiras das terrazas sen quedar apenas espazo libre, nin tan sequera o mínimo legal establecido pola correspondente ordenanza. Polo que preguntamos:

**Como vai proceder o Concello para que se poida celebrar esta actuación na Praza de Pontearreas de xeito que o público conte con espazo suficiente para contemplar a obra e non estea obrigado a sentarse na “macroterraza” alí existente véndose obrigado si ou si a consumir nesas locais que ocupan, co consentimento do goberno local, a totalidade da praza?? ”**

*Resposta Alcalde: ordenarase como todos os anos, non haberá problema para que Vilavella teña ese espectáculo. A idea é integrar a Vilavella nas actividades lúdicas. Sempre se fai coa idea de que haxa espazo para todos.*